

“...a pesar y aún ahora

que estamos en derrota, nunca en doma...” (Claudio Rodríguez)

“**Son unha persoa, nada do humano resultame alleo” (Un personaxe de Terencio hai 2000 anos)**

Queridas compañeiras e compañeiros. Queridas irmás e irmáns,

Son tempos moi difíciles, duros e mesmo terribles. As persoas que asinamos esta carta, tivemos todas, dun ou outro xeito, unha relación co espazo do cambio no noso país, mesmo moitas fomos asinantes das 99 primeiras impulsoras de algo tan bonito e imprescindible como foi a Marea Atlántica no 2014. Moitas estabamos no Cómaro no 2014 e moitas de corazón e co corazón. Estas persoas queremos expresar ao conxunto da mareancia unha serie de aspectos que cremos imprescindibles, ou así o vemos nós.

Sabemos que os resultados das eleccións para o Parlamento de Galicia de hai poucos días foron moi decepcionantes para o noso espazo. Resultados que cremos que son unha suma de feitos que vimos arrastrando moito tempo. Pero **seguimos crendo na necesidade da existencia dun espazo como o que xeramos coa ilusión de tantas**. Crémolo imprescindible en Galicia, no conxunto do Estado e mesmo no Mundo e, por suposto na cidade: o municipalismo é unha das ferramentas mais útiles para esa revolución democrática que apelabamos naquel momento. E son moitos os inimigos cos que temos que enfrontarnos, pero eses están todos fóra, non deixemos de identificalo. Unha loita desigual, pero a que non lle temos medo.

As persoas asinantes, non queremos, nin podemos, poñermos de perfil ante todo o acontecido dende o 2015. E cremos que todas e todos debemos participar no proceso de recuperar un espazo que agora mesmo está demasiado feble.

Cremos, tamén, que semella que rematou un ciclo. Un ciclo que tivo moitos erros dende o 2015 co proceso de En Marea e tamén cremos que houbo erros políticos e estratéxicos noutros momentos importantes, mesmo nas eleccións locais de 2019. Erros humanos e, por suposto, desculpables. E **igual que o espazo municipalista foi peza chave do rumbo do cambio tamén ten que ser agora peza chave na asunción de responsabilidades**, e a Marea Atlántica así debe afrontalo. Porque se ben é un ciclo que semella morto... tamén cremos que non está enterrado. Cando menos non debemos enterralo nós, compañeiras.

Cremos que **compre facer unha reflexión seria dentro da Marea Atlántica como se está producindo no conxunto do espazo**. Non podemos quedar atrás e, moito menos poñernos de perfi. Poñernos de perfil tivo consecuencias graves no seu momento, nomeadamente nas eleccións xerais de 2019, xerou desconfianza con espazos aliados, pero sobre todo na xente que tiña un espazo de referencia que nós mesmas difuminamos. Esta desconfianza víñase forxando tempo atrás e cremos que hai que reforzar á volta ós modelos representativos e participativos, lonxe dos modelos presidencialistas propios dos partidos tradicionais dos que sempre nos quixemos alonxar.

Se partimos da **importancia do Municipalismo no espazo de ruptura**, non podemos permitirnós que caía no localismo, nin que as nosas organizacións se transformen en partidos ao uso.

Debemos ser conscientes que non sempre se acerta coas decisións. E é moi lexitimo cuestionar as decisións, aínda cando se toman en espazos de decisión formal e é alí mesmo onde se deben cuestionar, con liberdade e non con acusacións de deslealdade. Cremos que **as decisións trascendentes merecen consultas rigorosas e con garantías democráticas e non forxadas fora deses espazos formais de decisión**, prácticas moi extendidas na vella política que acaban coa democracia interna. E como iso moitas outras decisións e procesos como as elaboración de órganos internos ou listas electorais. Deses erros todas nos consideramos responsables, deses e de todos, por iso facemos chegar este escrito.

Cremos que **é imprescindible recuperar a ilusión**. Unha ilusión que fomos perdendo. Cada vez participamos menos persoas do espazo. A perda de ilusión e de xente diversa trasládase fora. Se fomos quen de ilusionar do 2015, foi porque **éramos diversas, porque nos definía un novo xeito de facer democracia real e transparente** e porque levamos a cabo un proceso que se transformou en outro con cambios nos grandes significantes: as prácticas de cuotas, coalicións e alianzas que nada tiñan que ver co **espírito da confluencia e da revolución democrática**.

Cremos que non houbo autocrítica despois das eleccións municipais de 2019 nin tan sequera un espazo de reflexión real, interno e pausado. E cremos que é indispensable e imprescindible. Cremos que hai voces discordantes ou críticas que foron caladas con procesos dirixidos máis a excluílas e mesmo expulsalas que a construír e atopar consensos amplos. Semella que había persoas molestas e iso é algo que o noso espazo non se pode permitir sen, cando menos, facer o esforzo de escoitar, **comprender e coidar a quen quere aportar desde a discrepancia**.

Iniciemos, xa, procesos democráticos e participativos reais. Queremos axudar a que a Coruña, Galicia, o Mundo, sexan sitios mellores. Que a Coruña volva ter un goberno da xente. Que a Coruña sexa das que menos teñen. Que podamos aportar valor nos procesos electorais doutros ámbitos desde a confianza, a capacidade e a solvencia que nos aporta o municipalismo e non en base a loitas e poder e cuotas.

Cremos que as circunstancias nos levaron no seu momento a facer un goberno que parecía oposición como agora facemos unha oposición que parece un goberno perdido, desde dentro do pazo e sen sair ás prazas.

Todas somos necesarias para acadar un goberno da xente e para a xente. En tres anos volve haber eleccións municipais e imos precisar de moitas mans, cabezas e corazóns para tentar recuperar algo do que acadamos en 2015, lembremos que **iso non o fixemos soas 20, 30, 50 nin 100 coruñesas motivadas**.

Estamos convencidas de que **aquí non sobra ninguén e que falta moita xente**.

Por todo isto e a modo propositivo **consideramos que se debe abrir un proceso deseñado participativamente que leve a unha [Marea Viva](#)** onde se contemplen estas e outras accións:

- **Recuperación de ferramentas internas de participación descentralizada**, como foron as mareas sectoriais e barriais na procura de novo dunha maior interacción coa cidadanía. Entendemos que existe a necesidade de organizar un movemento de raíces insumisas e espírito ilusionante que poida volver gobernar e/ou tomar decisións nesta cidade, que combata a falta de proxecto actual do goberno

municipal. Todo isto pode funcionar como elemento de colaboración e asesoramento do Grupo Municipal, así como vislumbrar opcións e oco para os comicios de 2023 malia a situación existente derivada do 12 de xullo.

- **Apertura do censo** cara a unha maior implicación do tecido cidadán activo
- **Revisión e ampliación dos órganos de decisión incluído o encargado do traballo con outras organizacións políticas**, para definir e coordinar o futuro do espazo da confluencia ou común partindo dunha nova etapa e dunha nova relación baseada na cooperación honesta que reclama a xente.

Asinantes iniciais:

Aberto a seguir recollendo sintauras de apoio [nesta ligazón](#)

A Coruña, 21 de xullo de 2020